

BASES CONVOCATORIA DE CURSOS PLAN DE FORMACIÓN 2018

Aprobado o Plan Interadministrativo de Formación Continua da FEGAMP para o ano e sendo necesario que se faga pública a súa iniciación e desenvolvemento, esta Secretaría Xeral RESOLVE:

BASES XERAIS

PRIMEIRA.-SOLICITUDES:

1. O persoal que desexe participar nestes cursos presentará cuberta en todos os epígrafes que corresponda, a instancia que figura na páxina web da Fegamp que terá que remitirse so por correo electrónico (co selo da entidade local e a sinatura da persoa participante). Todos os campos son de obrigada cumprimentación e calquera ficha incompleta será considerada nula. Na mesma inscrición asíñase a autorización para que á Fegamp poida proporcionar os datos persoais á consultora que vai impartir o curso.

Serán excluídas todas aquelas inscricións que sexan presentadas fóra de prazo, excepto as daqueles cursos que non teñan cubertas a totalidade das prazas ofertadas que se manterá aberto hasta completarse.

No caso dos cursos que teñan lugar dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura dunha persoa superior xerarquicamente, ou alcalde/sa ou Presidente/a así como o selo da Entidade Local (OBRIGATORIO en todos os casos).

2. A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección do alumnado aspirante dará lugar á exclusión automática do curso e imposibilitará a quen cometa infraccións para participar noutras accións formativas durante a execución do presente Plan.

3. O prazo de presentación de solicitudes será de **12 días naturais** contados dende o día seguinte á publicación dos cursos na web da Fegamp (data de publicación 14 de maio de 2018, **inscricións do 15 ao 26 de maio de 2018**). Aqueles cursos que, unha vez rematado o prazo, non cubran as prazas ofertadas, manteranse abertos. No momento de completarse pecharase a inscrición e anunciarase na páxina da Fegamp, no curso correspondente. O alumno pode solicitar un máximo de 3 e, entendendo que están relacionados coa súa área de traballo, poderase conceder calquera deles, sen ser determinante a orde de preferencia. Dependendo do número de solicitudes de cada acción formativa e dos criterios de selección,

poden concederse un, dous, tres ou ningún. Non está permitida a realización de accións formativas que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais das actividades.

Unha vez feita a selección, uns días antes do comezo de cada curso, enviarase un correo electrónico ao alumnado seleccionado que **servirá de comunicación** e que terá que devolver á Fegamp comunicando deste xeito a súa renuncia (acompañada do formulario de renuncia) ou aceptación do curso concedido. O correo ao que teñen que dirixirse en calquera dos casos é: **formacion.continua@fegamp.gal**. A FEGAMP poderá ter exposto no taboleiro o **listado de admisións** co nome e número da acción formativa, ata que comece o curso.

O/a solicitante que decida non facer o curso deberá cubrir o **anexo de Solicitud de renuncia** que atopará publicado na páxina web da Fegamp, na área de Formación Continua. Quen non comunique a súa renuncia, no modelo indicado anteriormente, será penalizado/a, xa que prexudicaría ás persoas que quedan en lista de espera, e o ano seguinte non poderá solicitar ningún curso do Plan de Formación Continua. Quen abandone a realización da acción formativa ou non manifieste actividade mínima na mesma ou renuncie despois de comezada tamén sufrirá unha penalización do mesmo xeito, é dicir, non poderá participar no Plan de Formación Continua do ano seguinte. No caso de que unha persoa acepte un curso e antes do seu comezo renuncie ao mesmo sen motivo xustifico verase penalizada no plan do seguinte ano pasando ao final da lista dos cursos que solicite.

4. A documentación dirixirase ao Ilmo Sr. Presidente da FEGAMP

- Correo electrónico: **formacion.continua@fegamp.gal**, ten que vir escaneada a sinatura da persoa que solicita o curso e ter o selo da entidade local na que traballa

SEGUNDA: ACCESO ÁS ACCIÓNS FORMATIVAS:

1. Os cursos están dirixidos exclusivamente ao persoal que realiza as súas funcións no ámbito da **Administración Local**, e que cumpra os requisitos específicos esixidos na descrición das accións formativas.

A selección dos participantes en cada curso rexeráse polos seguintes criterios:

- **1.1-** Solicitude do curso o ano anterior, tendo preferencia aquelas persoas ás que non se lle concedeu ningún curso. No caso de non cumprir o punto 1.2, quedaría excluído do mesmo
- **1.2** -Relación directa entre as tarefas que realiza o/a solicitante coa materia obxecto do curso.
- **1.3** -Grupo, nivel e titulación académica do/da solicitante con relación ao esixido no curso solicitado
- **1.4** -Terase en conta a antigüidade: ano de ingreso na Administración.
- **1.5** -Priorizarase a selección de, a lo menos, unha inscrición por concello procurando que estean representados o maior número de concellos. Se quedaran prazas vacantes seguiranse os criterios anteriores.
- **1.6** -Debido á alta demanda de cursos en liña tentarase conceder aos/ás solicitantes polo menos un curso de dita modalidade dos solicitados. No caso de que nalgún destes cursos queden prazas vacantes poderanse ampliar as inscricións individuais a máis dun curso en liña.
- **1.7** -Orde de chegada da ficha de inscrición en caso de empate (sempre que chegue en prazo ou, no caso de que xa se cumpriran os vinte días naturais, se o curso segue aberto por non cubrirse o número de prazas ofertado).

2. O alumnado acreditará a súa condición de persoal, funcionario ou laboral, da Administración Local co **selo da Entidade local á que pertenza**. No caso de non facelo a solicitude será anulada. Se é preciso a Fegamp poderá requirir outra documentación que se considere necesario para confirmar a relación laboral coa Administración Local.

3. Reservarase un 5% do número de prazas para persoal con **discapacidade**, en cumprimento co disposto no artigo 11 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. Incorporárase como criterio de valoración na participación nos cursos de formación de empregados públicos o estar afectado por unha discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A selección efectuarase por separado da quenda xeral, incorporándose a esta todas as vacantes que queden sen solicitantes.

É necesario que na ficha de inscrición figure o e-mail que se vai utilizar, para a realización de cursos en liña ou de teleformación, e para poder enviar comunicacións e información aos candidatos.

TERCEIRA.-ASISTENCIA E CERTIFICACIÓN DE PARTICIPACIÓN:

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos **cursos presenciais**. Toda falta de asistencia deberá ser debidamente xustificada polo/a interesado/a, sen que poida superar o 10% das horas lectivas programadas para o curso. Unha falta de asistencia superior ao 10% aínda que sexa xustificada, impedirá a expedición do certificado.

No caso dos **cursos en liña**, é tamén obrigatoria a asistencia ás sesións presenciais dos que así o requiran, e aqueles que non se presenten será excluídos/as inmediatamente e non poderán rematar o curso.

Os diplomas dos cursos presenciais poderían ser entregados ao rematar o curso se así se acorda. Os correspondentes aos cursos en liña enviaranse por correo postal certificado sempre ao **endereço laboral** da entidade local correspondente e irán acompañadas dun xustificante que debe ser remitido **obrigatoriamente** de volta á Fegamp coa data e sinatura do titular ou persoa autorizada. De non recibir o xustificante terase en conta en futuras convocatorias: na **concesión dos cursos**, pasando ao final da lista de solicitantes, e no **envío de diplomas** posto que en convocatorias sucesivas non se enviará o diploma, de xeito que haberá que pasar a recollelo á Fegamp.

Si, por motivos debidamente xustificadas, algunha persoa necesita un certificado provisional antes de recibir o diploma, poderá solicitalo cubrindo o **modelo de Solicitud de certificado provisional** que se atopa publicado na páxina web da Fegamp, na área de Formación Continua.

No caso de extravío, modificación dos datos persoais, deterioro, necesidade de versión en castelá, ou calquera outro motivo exposto, poderase solicitar un duplicado do diploma, cubrindo o **modelo de Solicitud de duplicado de diploma** publicado na páxina web, na área de Formación Continua.

CUARTA.-MODIFICACIÓNS:

1. A FEGAMP, poderá modificar o desenvolvemento e máis os contidos do curso co obxecto de adaptalo ás necesidade da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018



Eduardo Ramonde Rodríguez
Secretario Xeral da Fegamp